



“Ensínasenos a procurar no amor unha sorte de solución a todos os nosos males”

[Montse Dopico](#) 28 de xuño de 2019

<https://praza.gal/cultura/ensinasenos-a-procurar-no-amor-unha-sorta-de-solucion-a-todos-os-nosos-males>

Un grupo de homes e mulleres sen ningunha particularidade aparente -mais singulares, coma calquera, na súa humanidade- coinciden nun curso para recuperar os puntos do carné de conducir. E o encontro que é froito da casualidade acaba sendo ocasión para que, de distintas maneiras, todos acaben buscando, na procura do amor -co que implica de construción social- unha solución ao mal que os magoa, que non é outro que a soidade. Disto vai ‘Por puntos’, a novela coa que Manuel Portas gañou o XXXVII premio Blanco Amor. Falamos con el por teléfono.

Como se che ocorreu a idea do curso para a recuperación do carné de conducir?

Pois pareceume unha maneira de falar de xente que coincide por casualidade sen antes coñecerse, que se encontra nunha situación inesperada e fastidiosa, que en principio o único que quere é acabar canto antes o trámite e volver á súa vida... A partir de aí, empecei a escaravellar. Arredor da perda de puntos sempre hai un discurso moralizador: que se foi polo alcol, etc. Por iso moita xente tende a ocultalo.

Empecei a mirar datos: noticias no xornal, por exemplo. O ano pasado foron 100.000 sancións e 302.000 puntos retirados, boa parte deles por exceso de velocidade. É moitísima xente a que ten que facer estes cursos. Contactei tamén con profesionais que imparten este tipo de cursos para saber máis do ámbito social, da tipoloxía humana que os fai... E a verdade é que se contase cousas que me contaron eles, a novela resultaría inverosímil porque a realidade sempre supera a ficción. A partir de aí, tecín o outro elemento que me parecía básico, que é a tremenda soidade dos asistentes ao curso. E as súas expectativas de iniciar unha relación amorosa.

O narrador parece ás veces un romántico e outras semella que ri duns personaxes a miúdo un pouco patéticos. Persoas que se senten soas e que tentan -quizais de xeito absurdo- curar as súas carencias emocionais cumprindo coa norma social: buscando unha relación de parella. Hai unha intención de crítica social aí?

Por aí van os tiros. Pero en moitos personaxes hai xogos arquetípicos e histriónicos. Aínda que o narrador, que se mantén nunha omnisciencia aséptica e ás veces cruel, con quen marca máis distancias é co personaxe do profesor da autoescola, o representante da “autoridade”, que esconde unha angustia vital moi forte. Mais si: é un xogo traxicómico. Eu procurei, iso si, tratar cun delicadeza, con sensibilidade, uns personaxes que, como dis, poden resultar patéticos.

Por unha banda porque non teño intención moralizadora ningunha, e por outra porque penso que, sendo como son, resultan moi humanos e non é difícil poñerse no seu lugar. Si é certo que, como dicía, hai tipoloxías, arquetipos... Coma os mozotes do Barbanza, por exemplo. Ou Tupé, tan macholo, que sofre tamén unha tremenda soidade. E si, a novela ten que ver con como están estruturadas as relacións humanas, como se nos ensina que a solución á soidade é a procura dunha relación de parella, como se iso fose unha sorte de solución a todos os nosos males. Despois tamén hai un certo xogo coas convencións da novela policiaca, cos seus arquetipos: un caso a resolver, un investigador...

O narrador vainos presentando os personaxes capítulo a capítulo, despois segue o desenvolvemento da historia, preséntase a máis personaxes... Nese sentido, a técnica narrativa é menos complexa que a doutras novelas túas.

Nos primeiros capítulos preséntase aos personaxes, pero despois tamén se lle dá a volta á tortilla, no sentido de que se vai mostrando que non todo é branco nin negro. Pasa iso por exemplo co personaxe de Don Adolfo, o profesor da autoescola, que en realidade é un home que sente abandonado -e mesmo se insinúa que puido haber algo de violencia contra a súa ex-muller- que quedou só e busca a Marité coma un balón de osíxeno...

Dicías antes que eran personaxes moi humanos. Cos seus defectos -algúns moi rexeitables- si resultan moi recoñecibles. Don Adolfo e Tupé, por exemplo, representan o mesmo, pero en distintas xeracións: machos alfa que agochan as súas frustracións, en boa medida causadas por ese tipo de rol masculino que asumiron.

Eu penso que, en xeral, todos os personaxes son verosímiles, si. Tampouco, como dicía, quixen buscar moralidade ningunha, senón preguntarme por uns determinados tipos sociais, coma ese que citas dos macholos, que forman parte da realidade que nos rodea, aínda que se cadra no ambiente no que ti ou eu podemos movernos máis poden estar menos presentes ou ser, dalgunha maneira, penalizados.

Tamén Marité e Adela -que, sendo máis nova, non é unha muller moi empoderada- representan un pouco o mesmo, en distintas xeracións. Esa socialización que fai depender a autoestima de ter “pretendentes”...

A de Marité a min paréceme unha existencia dramática. Acaba de casar, despois dunha primeira experiencia sexual traumática queda sen parella e non volve ter outra relación. Garda o seu equilibrio levando unha vida recollida e metódica, refúxiase no alcol, no que atopa momentos de pracer solitario... A súa é unha tremenda soidade ontolóxica...

Adela é capaz de sobrepoñerse tras o remate, tamén traumático, dunha relación, e mesmo se rebelou contra a nai cando esta a chama a resignarse, porque non está disposta a aguantar: ten polo menos o seu amor propio. Mais si que é verdade que, como dis, atopa un reforzo da súa autoestima ao saberse considerada como obxecto de desexo sexual por parte dos homes. Os personaxes van avanzando ao longo da novela e é o lector, o lectora, quen ten que valorar como evolucionan.

En calquera caso, na novela os homes tamén buscan a aceptación -sexual e afectiva- das mulleres para sentirse “completos”, ou polo menos menos sós.

Si, no caso deles tamén a súa autoestima está vencellada á aceptación por parte das mulleres. Todos teñen as súas inseguridades, e procuran un equilibrio a través do amor, afectándolles isto por igual aos personaxes masculinos e femininos. No caso de Xoán Carlos esa necesidade poida que vaia aínda un punto máis alá.

Si, o profesor substituto namorado. En merecer ás veces que alguén lle pegue un berro para espabilar, é peor aínda ca Adela. Outro personaxe interesante é Santi, o camioneiro, un home homosexual casado cunha muller.

Si, é un personaxe que me podía dar para moito máis, e co que tiven especial coidado á hora de construílo. O narrador, que é quen de estar rindo dos personaxes, é máis prudente con este personaxe, pois non quixen facer unha caricatura. E, como dicía antes, o que quero é que a lector participe da construción da historia: non quero darllo todo feito.

Entendo. Ás veces parécenos que estamos a ser modernas, pero en realidade estamos reproducindo estereotipos e prexuízos, sobre as persoas LGBTI, por exemplo. Canto ao estilo literario, nesta novela é o teu de sempre...

Si: a lingua é sinxela... Tamén hai que ter en conta que se xoga dentro dos límites dun tempo e dun espazo. O tempo serían só os catro días que dura o curso, mais a noite que quedan para cear, e o espazo é Santiago e a súa contorna. Agora os cursos para recuperar os puntos do carné fanse en máis sitios, pero antes eran só en Santiago.

Falamos antes de personaxes non “exemplares” pero si moi recoñecibles e moi humanos, e de verosimilitude. O que non sei se é verosímil é que acaben todos namoriscados entre si. Como se estivesen no instituto... Aínda que é certo que personaxes na novela hai moitos, e o narrador céntrase máis nuns cantos.

Si, é unha novela coral, aínda que o narrador fálanos máis duns poucos personaxes. Tamén é certo que fun desbotando material e que algúns dos personaxes que están menos presentes poderían dar para máis, pero non quixen que estivesen máis para que non me desequilibrasen a novela, que tiña que ter uns límites, como dicía antes. Anselmo, por exemplo, podía darme moito máis xogo. Representa un tipo social que estivo moi presente en Santiago nos 80 e 90: xente da noite, que ás veces acabou tendo problemas coas drogas...